

GUIA SOBRE A PUNTUACIÓN DAS ACTIVIDADES VALORABEIS PRODUCCIÓN CIENTIFICA 2017

1. DIRECCIÓN DE TESES DE DOUTORAMENTO

Dirixidas/codirixidas por profesores do departamento, instituto de investigación, centro singular ou estación biolóxica da USC.

- Cualificación Cum Laude: **8** puntos
- Outras cualificacións: **6** puntos

No caso de teses europeas e/ou teses realizadas en programas con mención de calidade sumaranse **2** puntos ás cualificacións anteriores.

2. PUBLICACIÓNS NON PERIÓDICAS

2.1. LIBROS:

Publicacións de máis de 50 páxinas, editadas co ISBN e que cumpran o requisito de que a editorial teña utilizado un editor/comité editorial que supervise o proceso de creación e edición do libro.

Incluiranse neste apartado (i) as monografías; (ii) as edicións críticas sempre que os textos figuren co seu aparato crítico e un estudo razoado da fixación do texto; (iii) as edicións de documentos e corpora documentais cando vaian acompañados de estudo introductorio, notas críticas, glosarios, índices, etc.; (iv) as traducións que inclúan estudos introductorios e de anotación complementaria, que vaian alén do ámbito da divulgación. Non se valorarán as publicacións de: teses, memorias de licenciatura, proxectos fin de carreira, reedicións de libros non revisados ou ampliados, manuais de calquera tipo, libros de texto ou docentes, publicacións relacionadas con exposicións, cursos ou xornadas de formación, así como a función de editor de libros de congresos.

EDITORIAIS INTERNACIONAIS:

- Autor: **12** puntos
- Editor/Coordinador (Científico): **6** puntos

EDITORIAIS NACIONAIS:

- Autor: **6** puntos
- Editor/Coordinador (Científico): **3** puntos

Non se valorarán na Axuda á Investigación da USC os libros/monografías que sexan editados por:

- a) os propios autores ou por persoas físicas, e

- b) por empresas reprográficas, copisterías, librerías, empresas de artes gráficas ou similares.

RECENSIONS:

As recensións recibidas polos libros valorados na Axuda á Investigación da USC, utilizadas como parámetro de calidade dos libros, valoraranse de forma independente destes. Valoraranse só as recensións publicadas no ano avaliado, independentemente do ano de publicación do libro, en revistas que formen parte da listaxe máis recente de revistas valorabeis para a Axuda á Investigación da USC. A USC valorará ate un máximo de 6 recensións recibidas por libro, sen que exista límite de tempo para elo. establecese o seguinte esquema de puntuación para a valoración das recensións:

- Por cada unha das catro primeiras recensións recibidas polo libro: **1 punto**
- Por cada unha das dúas seguintes recensións recibidas polo libro: **2 puntos**

As autorecensións (polo autor, ou calquera dos autores, do libro) non serán valorables.

2.2. CAPÍTULOS DE LIBROS:

Valoraranse de acordo coa clasificación da editorial que publique o libro que conteña o capítulo en cuestión.

- EDITORIAIS INTERNACIONAIS: **5 puntos**
- EDITORIAIS NACIONAIS: **3 puntos**

Non se valorarán neste apartado as contribucións derivadas de calquera tipo de evento. A puntuación total dun libro dividido en capítulos non poderá ser superior ó valor do libro completo.

2.3. PUBLICACIÓNS CURTAS:

- PUBLICACIONES CURTAS: **1 punto**

Publicacións unitarias non periódicas que teñan ISBN e/ou depósito legal e o seu número de páxinas sexa igual ou menor de 50 e maior de 4.

2.4. PUBLICACIÓNS DERIVADAS DE CONGRESOS (TEXTOS COMPLETOS):

Exclúense abstracts de congresos e publicacións relacionadas con cursos ou xornadas formativas. Teranse en conta as aportacións orixinais con publicación íntegra do texto de congresos que se celebren con periodicidade fixa e edición regular de actas.

- Ámbito Internacional: **3 puntos**
(comité organizador e comité científico con membros de polo menos tres (3) países e amparado por unha sociedade de carácter internacional)
- Ámbito Nacional: **1,5 puntos**

3. PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS:

Revistas e publicacións seriadas publicadas tanto en papel impreso como en formato electrónico. Valorarase a autoría de:

3.1. Artigo en publicación tipo A1: **12 puntos**

- a) Revistas incluídas no primeiro cuartil logo da súa ordenación polo índice de impacto, segundo a súa categoría [materia/área], do último Journal Citation Reports.
- b) Revistas incluídas nalgúnha das seguintes bases de datos: DURSI, CARHUS, ERIH, INRECS, INRECJ ou DICE do CINDOC e que cumpran algunha das seguintes condicións:
 - Clasificación tipo A na base de datos DURSI e que ademais teñan un índice ICDS (Índice Combinado de Distribución Secundaria) maior de 7 nas bases de datos DURSI ou MIAR
 - Clasificación no primeiro cuartil nas bases de datos INRECS ou INRECJ, sempre que presenten un índice de citación (índice de impacto) superior a 0
 - Clasificación nas bases de datos DICE do CINDOC (cumprindo os catro criterios de cualificación do DICE) e que ademais aparezan na base do Journal Citation Reports
 - Clasificación tipo A na base de datos CARHUS
 - Clasificación tipo A na base de datos European Reference Index for the Humanities (ERIH)

3.2. Artigo en publicación tipo A2: **8 puntos**

- a) Revistas incluídas no segundo cuartil logo da súa ordenación polo índice de impacto, segundo a súa categoría [materia/área], do último Journal Citation Reports
- b) Revistas incluídas nalgúnha das seguintes bases de datos: DURSI, CARHUS, ERIH, INRECS, INRECJ ou DICE do CINDOC e que cumpran algunha das seguintes condicións:
 - Clasificación tipo A na base de datos DURSI e que teñan un índice ICDS (Índice Combinado de Distribución Secundaria) menor de 7 nas bases de datos: DURSI ou MIAR
 - Clasificación no segundo cuartil nas bases de datos INRECS ou INRECJ, con un índice de citación (índice de impacto) superior a 0
 - Inclusión na base de datos DICE do CINDOC e que cumpran os catro criterios de cualificación do DICE
 - Clasificación tipo B na base de datos ERIH

3.3. Artigo en publicación tipo A3: 4 puntos

- a) Revistas incluídas no terceiro cuartil logo da súa ordenación polo índice de impacto, segundo a súa categoría [materia/área], do último Journal Citation Reports.
- b) Revistas incluídas nalgunha das seguintes bases de datos: DURSI, CARHUS, ERIH, INRECS, INRECJ ou DICE do CINDOC: incluiranse nesta categoría as revistas que cumpran algunha das seguintes condicións:
 - Clasificación tipo B segundo o catálogo elaborado polo DURSI
 - Clasificación no terceiro cuartil nas bases de datos INRECS ou INRECJ, sempre que presenten un índice de citación (índice de impacto) superior a 0
 - Clasificación tipo C na base de datos ERIH
 - Pendentes de clasificación na base de datos CARHUS e que teñan un índice ICDS (Índice Combinado de Distribución Secundaria) maior de 4 nas bases de datos DURSI ou MIAR

3.4. Artigo en publicación tipo B: 2 puntos

- a) Revistas incluídas no cuarto cuartil logo da súa ordenación polo índice de impacto, segundo a súa categoría [materia/área], do último Journal Citation Reports.
- b) Revistas incluídas nalgunha das seguintes bases de datos: DURSI, CARHUS, ERIH, INRECS, INRECJ ou DICE do CINDOC: incluiranse nesta categoría as revistas que cumpran algunha das seguintes condicións:
 - Clasificación tipo C ou D na base de datos DURSI
 - Clasificación no cuarto cuartil nas bases de datos INRECS ou INRECJ, e con un índice de citación (índice de impacto) superior a 0
 - Inclusión na base de datos DICE do CINDOC e que cumpran o criterio de utilizar avaliadores externos
 - Pendentes de clasificación na base de datos CARHUS

A Vicerreitoría de Investigación e Innovación publicará cada ano unha listaxe coa clasificación das revistas valorabeis para a Axuda á Investigación da USC. Para a confección desta listaxe se utilizarán as versións más actualizadas dispoñibles das anteditas bases de datos. Nos casos en que se dean varias clasificacións diferentes para unha mesma revista debido a aplicación dos criterios anteriores, se asignará á revista a clasificación más alta das obtidas.

3.5. Editor/coordinador dun número monográfico dunha revista científica:

- a) dunha publicación tipo A1: 6 puntos
- b) dunha publicación tipo A2: 4 puntos

- c) dunha publicación tipo A3: **2 puntos**
- d) dunha publicación tipo B: **1 punto**

4. ORGANIZACIÓN DE CONGRESOS

Por presidencia ou secretaría do comité organizador.

- Ámbito Internacional: **3 puntos**
(comité organizador e comité científico con membros de alímenos tres (3) países e amparado por unha sociedade de carácter internacional)
- Ámbito Nacional: **1 punto**

5. PATENTES REGISTRADAS:

Exclúense patentes solicitadas (só as concedidas)

- Internacional: **5 puntos**
- Nacional: **1 punto**

6. SOLICITUDES DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN:

Valóranse as solicitudes de proxectos de investigación, si ben excluiranse as declaración de interese e as solicitudes en fase de preselección. Esta contribución será unicamente presentada polo Investigador Principal da solicitude do proxecto correspondente.

- Proxectos europeos, consorciados e cooperativos: **8 puntos**
- Proxectos Nacionais: **4 puntos**
- Proxectos Autonómicos: **2 puntos**

XUSTIFICACIÓN DAS CONTRIBUCIÓN ALEGADAS:

Para profundar na política de responsabilidade social, este ano non se requirirá que os departamentos envíen a documentación xustificativa das contribucións rexistradas na aplicación informática. A Oficina de Investigación e Tecnoloxía levará a cabo unha comprobación por mostraxe da veracidade dos datos rexistrados. Para ese efecto poderá solicitar, no momento que considere oportuno, de certos departamentos a xustificación correspondente aos méritos rexistrados, para o que se establecerá un prazo para que os anteditos departamentos soliciten e envíen a referida documentación.

Realizada a verificación, en caso de detectarse o rexistro de méritos para os cales non exista documentación xustificativa, a USC procederá a deducir, do importe da Producción Científica do ano seguinte, o 300% da cantidade que lle correspondería ao PDI, grupo ou grupos de investigación implicados por cada ítem non xustificado.

No caso da xustificación de Publicacións Non Periódicas (libros) a VI+I poderá solicitar dos autores que recaben, e posteriormente remitan a VI+I, unha carta da editorial correspondente na que figuren os seguintes datos:

- Nome e CIF da Editorial
- Sede social
- Nome do editor ou representante do Consello Editorial encargado da edición do libro en cuestión. Datos de contacto do editor: teléfono e dirección de correo electrónico.
- Breve descripción do proceso editorial seguido co libro en cuestión.

CÓMPUTO DE CAPTACIÓN DE CUSTES INDIRECTOS:

1. A media anual de puntos da Producción Científica dos grupos, departamentos, institutos, etc., será multiplicada por un índice de captación de custes indirectos para calcular o montante económico da axuda a percibir polo grupo, etc.
2. O antedito índice se calculará do seguinte xeito: (a) Se computará o promedio por IP de captación de custes indirectos de cada investigador individual, grupo, departamento, etc. (Custes Indirectos Promedio: CIP, se asignará un peso do 75% aos custes captados por proxectos competitivos e un 25% aos captados por contratos, convenios, informes, etc.), (b) se ondearán os investigadores/grupos/departamentos, etc. por orde decrecente do parámetro CIP, (c) se asignará un índice de cinco aos investigadores/grupos/departamentos/etc. que estean nos dous primeiros decís da antedita clasificación, se asignará un índice de catro aos investigadores/grupos/etc que estean nos dous seguintes decís, e así sucesivamente ata asignar un índice de un aos grupos situados nos dous últimos decís da antedita clasificación.
3. O montante global da Axuda á Investigación percibida por un grupo de investigación nun ano determinado non poderá superar o 100% do valor promedio dos fondos captados por custes indirectos de actividades de I+D polo grupo nos tres últimos anos para os que existan datos dispoñibles.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2018
A Oficina de Investigación e Tecnoloxía